



MOSQUERA VAAMONDE SC. ORDES (A CORUÑA)



En Vaca.tv

Pablo e María Luz, os dous propietarios da granxa

Os máis produtivos de Galicia

Esta explotación coruñesa lidera a listaxe das granxas con máis produción de Galicia e as cifras das súas vacas fixeron posible que recollisen de parte da Federación Frisona Galega a súa correspondente mención de honor. Quixemos coñecer a fórmula para lograr estes resultados e achegámonos a Ordes para falar con Pablo, un dos seus propietarios.

Localización: Poulo, Ordes (A Coruña)

Propietarios: María Luz Vaamonde Rúa e Pablo Mosquera Vaamonde

Traballadores: 2

N.º total de animais: 64

Vacas en muxidura: 32

Media de produción actual: 51,4 litros vaca/día

Porcentaxe de graxa: 3,76 %

Porcentaxe de proteína: 3,28 %

RCS: 110.000

Superficie agrícola: 32 ha

Prezo do leite: 0,29 €/l (prezo base)

Tras o éxito desta explotación coruñesa están María Luz Vaamonde e o seu fillo Pablo Mosquera, dous gandeiros de 55 e 31 anos dedicados a tempo completo a esta actividade que iniciou xa hai máis de 40 anos o avó de Pablo. El mesmo recordounos durante a nosa visita á granxa como mantiña nun pequeno establo unhas nove vacas e como traballou con elas ata a súa xubilación, momento no que colleu as rendas do negocio súa nai, quen apostou pola mellora das instalacións e puxo en funcionamento o negocio actual, hai uns 25 anos.

O PORQUÉ DAS CIFRAS

As claves para lograr este primeiro posto na lista de ganderías con mellor produción de Galicia responden, segundo nos contou Pablo, a “moitos parámetros, pero entre eles creo que debo destacar a saúde dos animais,

a importancia que lle damos á prevención, e a alimentación, intentamos que as forraxes sexan o mellor posible para que as vacas coman máis e o transmitan en leite”.

A súa media de produción por vaca e día alcanzou no ano pasado os 51,4 litros e, en canto ás porcentaxes de graxa e proteína, Pablo quíxonos aclarar algunhas diferenzas coas que se atopa entre os datos publicados nas memorias de Africor Coruña, 2,17 % de graxa e 3,23 % de proteína, e as analíticas do Ligal, 3,76 % de graxa e 3,28 % de proteína. “A nosa sala de muxido ten medidores volumétricos e é por iso que a graxa real que ten o leite que producimos non se corresponde coas cifras recollidas polo Control Leiteiro. A proteína mestúrase bastante ben, pero a graxa nestes medidores queda arriba, polo que cando sacamos a analítica, que se extrae por abaixo, o leite sae con menos graxa da que realmente ten”, explicou.

A sala de muxido á que se refire ten xa 25 anos e conta con oito puntos, pero só moxen de cada vez catro vacas. Realizan dous muxidos ao día, un sobre as sete e media da mañá e outro sobre as sete e media da tarde.

En Mosquera Vaamonde SC, situada na parroquia coruñesa de Poulo (Ordes), coidan duns 64 animais, dos que moxen un total de 32 vacas, as súas verdadeiras protagonistas. É que grazas a elas e á súa elevada cifra de produción da última campaña, a de 2017, un total de 15.687 kg de leite por vaca e ano, foron merecedores da distinción honorífica de Fefriga, Federación Frisona Galega, como explotación con maior produción de Galicia.



Combinan os ventiladores cun sistema de rega para paliar o estrés por calor

OS LOTES E O SEU BENESTAR

Agora mesmo en Mosquera Vaamon- de traballan con tres naves de gan- do diferenciadas. Na primeira delas, dedicada á recría, teñen tres lotes: un, coas xatas acabadas de nacer ata os tres meses; outro, cos animais de 3 a 6 meses, e un último, de 6 a 12 meses. Na nave de produción teñen as vacas de leite e as secas, todas mesturadas. “Por falta de sitio vímonos obrigados a ter as secas coas de leite. Se vemos que unha vaca chega moi gorda ao momento do secado intentamos sacala de aquí, pero por norma xeral chegan moi ben e non temos problema ningún en deixala comer a libre discreción coas vacas de leite”, apuntou. Por último, a un quilómetro e medio das instalacións propias teñen alugada unha terceira nave onde crían as xovenas dende os 12 meses ata un mes antes do parto, momento no que volven ao es- tablo da recría, onde teñen un espa- zo habilitado como parideira.

Tanto no lote das xovenas como no de produción e secas, os animais están en cubículos con camas de serradura, aínda que as xovenas tamén teñen debaixo goma. Para o primeiro deles teñen uns 20 cubícu- los, pero no segundo Pablo recoñece ter un pequeno problema de espa- zo: “Agora estamos algo saturados, pois temos 26 cubículos e ás veces temos 30 ou 32 animais. Ante isto, intentamos ter os cubículos o mellor posible para que a vaca cando estea nel, descanse e se levante a comer. Se está mal, bota moito tempo de pé na cama, sen deitarse e ocupando un espazo que non está aproveitando. Nunca tivemos problemas de que as vacas se deiten no chan, nin proble- mas nos pés de sobrecarga...”.

Desinfectan as camas unha vez por semana con cal vivo e échenas cada dous ou catro días, segundo van ven- do. “Primeiro mesturamos o cal coa

▶ A SÚA MEDIA DE PRODUCCIÓN POR VACA E DÍA ALCANZOU NO ANO PASADO OS 51,4 LITROS

serradura vella e despois botámola nova por riba e mesturamos. O cal vivo pode ser moi agresivo para os tetos, pero se o fas ben non tes pro- blema, nós nunca o tivemos. Con este sistema vainos moi ben, pensa- mos que están cómodas”, di.

Todas as naves contan con dife- rentes bebedoiros, que baleiran e enchen a diario, e limpan e desinfectan cada dous días. A temperatura da auga é importante para as vacas de Mosquera Vaamonde e Pablo con- tounos que no inverno agradecen beber auga un poquiño morna: “No inverno temperámoslles a auga; unha, porque co frío as vacas comen menos, e outra, porque lles evitamos posibles enfermidades. Se bebían menos, comían menos, e cando che- gaba o tempo do frío, empezaban a tusir. Con isto iso erradicámolo, a verdade que notei unha melloría bastante grande”.

Evitar o estrés por calor dos ani- mais en produción nos meses de ver- rán é outra das inquietudes que nos transmitiu Pablo durante a nosa visi- ta. Por iso ten instalados catro venti- ladores, que desconectan cada cuarto de hora e que combinan cun sistema de rega que baña as vacas durante un minuto. Ademais, explicou que “a cuadra está feita de bloque e uralita e metémoslle unha espuma para in- tentar baixar os graos de calor no es- tablo. A maiores, no verán, poñemos outro sistema de rega no tellado que baixa uns tres graos ou catro o calor da nave onde están as vacas. Para a recría e as xovenas non temos sis- tema de rega porque non sofren nin a metade do que padece unha vaca que está producindo leite”.

Para a limpeza dos corredores te- ñen instaladas dúas arrobadeiras que “intentamos pasar cada dúas horas para terlles os pés ás vacas o máis limpos posible e para evitar al- gunha pedra que poida ir na comida e lles produza danos”, puntualizou. Nun destes corredores tamén teñen instalado un cepillo rascador. Para a recollida do xurro teñen tres fos- sas, dúas de 100.000 litros e outra de 150.000. ▶

EASY-COVERING NAVES GANADERAS Y ALMACENES

- Ahorro de hasta un 90% en cimentación
- Menor estrés térmico



- Gran aislamiento y luminosidad
- Ventilaciones automáticas
- Mejores condiciones internas



NUEVO DISTRIBUIDOR EN ANDALUCIA



Polígono Industrial de Somonte
C/Mª Glez "La Pondala" Nº 41
CP 33393 Gijón Asturias
Tlfn: + 34 985 303 752
Info@easy-covering.com

www.easy-covering.com



Desinfectan as camas unha vez por semana con cal vivo

► “INTENTAMOS QUE AS FORRAXES SEXAN O MELLOR POSIBLE, CADA ANO MELLORALAS; QUE O ANIMAL COMA MÁIS E QUE O TRANSMITA EN LEITE”



Silo de millo elaborado con planta e gran



Gran húmido embolsado en salchichas

FORRAXES PROPIAS

En canto á nutrición dos animais, a premisa principal de Pablo é “intentar que as forraxes sexan o mellor posible, cada ano melloralas; que o animal coma máis, e que o transmita en leite, non que coma e engorde; non son vacas de carne”.

Traballan un total de 32 hectáreas, 16 dedícanas a millo e o resto a herba permanente. Sementan sempre raigrás, pois defende que “con iso consigo ter unha estabilidade, ter sempre a mesma proteína. É moi complicado coller ben a herba e o raigrás non se pasa tan rápido”.

No que a millo se refire, confesa ter que adaptarse cada vez máis ao tempo e ao cambio climático: “Nótase que xa non se dá en todos os lados igual porque están vindo temperaturas moi elevadas e o millo empeza a querer fincas máis húmidas”. Fan silo coa planta e co gran e para obter mellor calidade explicounos que “levantamos a máquina un pouco máis do normal e segamos a planta o máis alta posible para que, en menos quilos, a vaca poida comer moi to amidón. Se aproveitas a parte de abaixo, en peor estado, a vaca ten

que dixerila igual e para min é un atraso. Ao final estás enganándote a ti mesmo e mais á vaca. Estás lle facendo comer algo que non lle vai achegar nada, ao contrario, pódelle facer dano. Se entra e sae, é diñeiro que perdes”, asegura.

Teñen tres trincheiras para silos ao lado da nave de produción e este ano decantáronse por facer gran húmido, que embolsaron en salchichas e que pretenden adaptar á ración para eliminar por completo a fariña de millo no penso. Pablo é defensor de que o silo de millo, canto máis vello, máis bo. “É moito mellor por varias razóns. Primeiro, pódete vir un ano malo e estás cuberto, e segundo, ao pasar de certos meses, a vaca asimíla o moito mellor, está completamente desfeito e é máis dixerible”, comentou.

Todas as mañás elaboran no carro mesturador propio a ración que distribúen unha vez ao día. As vacas de leite e as secas, que comparten establo e comedero, están comendo 40 kg de millo, 10 kg de penso, 10 kg de herba e 1 kg de palla.


Por outra parte, a recría toma tres litros de leite á mañá e tres á

noite. Destétase aos tres meses e comeza a comer penso propio da súa idade a discreción ata os seis meses. Dos seis aos sete meses comezan a darlles, ademais do seu penso, algo da ración das vacas de leite e a partir dos sete, a ración a discreción. “Cando vemos que empezan a engordar pasámolas a 2 kg de penso e silo de herba e palla sen limitación. Un mes ou 15 días antes do parto, empezámoslles a proporcionar a comida das vacas de leite”, indicou.

Ademais do carro *unifeed* para a elaboración diaria da comida dos animais, teñen en propiedade dous tractores e unha cisterna para os traballos esenciais da explotación. Cando necesitan algún tipo de maquinaria específica botan man de empresas externas de servizos.

REPRODUCCIÓN E XENÉTICA

No rabaño de Mosquera Vaamonde a media de inseminacións por preñez anda polos 2,5, o intervalo entre partos alcanza os 427 días, a media do número de partos é de 2,29 e realizan a primeira inseminación aos 16 meses. ►►



Sala de muxido con medidores volumétricos

Para a detección de celos comenta que programan todas as xovencas e que intentan que as vacas sexan con celo visto. Para a inseminación tras o parto quen marca o tempo adecuado é a produción. Pablo revelouunos que “o que facemos para inseminar é mirar a produción do animal, intentamos esperarlle ao máximo, catro ou cinco meses. As xovencas, como non sabemos como van responder, intentamos inseminalas aínda que estean producindo moito entre os tres ou catro meses. No seguinte parto, xa temos unha orientación de como vai ser a súa lactación. Se vemos que dan moito leite e aguantan, inseminámolas aos cinco ou seis meses”.

Á hora do secado, Pablo confesa estar concienciado das esixencias europeas sobre a diminución da utilización de antibióticos e manifestou que “nalgunha utilizamos o tapón e funciona ben. Nas que o

fixemos, non tivemos inconvenientes, pero imos pouco a pouco adaptándonos para o que poida vir, pois temos medo a deixalo de golpe e ter problemas”.

Axenética para Pablo é fundamental e cre que é unha das claves para lograr as cifras de produción que obtén cos seus animais. “Hainos que, dándolles o mesmo de comer, dan 40 litros e outros que producen 80. En canto a custos, tanto ten criar unha xovenca boa que unha mala e, a longo prazo, non ten nada que ver unha cousa coa outra”, reitera.

Á hora da selección dos touros, sempre dous ou tres por campaña probados, intentan buscar sementais completos e equilibrados, pero sempre centrados na mellora dos parámetros de produción, ubres e calidades. Na última cualificación morfolóxica das súas vacas obtiveron unha media de 80,6 e o ICO foi de 2230.

▶ PARA PABLO O VALOR REAL SERÍA “TRANSFORMAR O PRODUTO, NON SÓ SABER FACER *BRIKS*”

VENDA DO LEITE E PLANS DE FUTURO

Están vendéndolle o seu leite a Larisa e están cobrando sobre un prezo base de 0,29 euros/l. “Este é o prezo do 70 % do total que percibimos, o 30 % restante varía segundo estea o leite en po e calidades e IVE, á parte”, explicou.

Ve o futuro con positividade, pois xa ten un proxecto aprobado para a construción dun establo novo con capacidade para 60 animais. Intentar ter todo máis cómodo, ofrecer máis amplitude para os animais, darlle solución ao problema de espazo co que ten que loitar a día de hoxe e mesmo medrar un pouco en número de animais son os obxectivos dos seus plans de futuro.

Sente optimismo, pero tamén incerteza: “Coma todo negocio, nunca se sabe como vai ser, se as industrias che van deixar producir, se de repente te poden obrigir a baixar a produción...”. En canto á man de obra, cre complicado atopar traballadores neste sector e que a solución pasará por botar man das novas tecnoloxías. Para este gandeiro o valor real sería “transformar o produto, non só saber facer *briks*” e entende que “o futuro debiera orientarse a que as industrias e as cooperativas do sector se esforzasen por facer os derivados que está demandando a xente”. ■